

Barreira cognitiva

- Uso de axudas conceptuais (organizadores gráficos, mapas mentais, ruínas de pensamento, autoinstrucións).
- Presentar os contidos con distintas **modalidades sensoriais**: imaxes, gráficos, debuxos, pictogramas ou esquemas, materiais manipulativos, auditivos...
- No deseño de **actividades** ter en conta: criterios de lectura fácil, preguntas con resposta múltiple, relacionar, clasificar...
- **Transmitir a información** con: frases curtas, clara, boa pronuncia e asegurándonos de que está a prestar atención. Verificar sempre que o alumnado entendeu a información.
- **Presentar as tarefas**: paso a paso, fragmentadas e graduadas segundo a dificultade.
- **Adaptarse ao seu ritmo de traballo**: dar máis tempo.
- Utilizar **axuda directa e demostracións**: modelado e imitación, evitando longas explicacións.
- Planificar moitas **actividades curtas** antes que poucas longas.
- Ofrecer **situacións educativas de éxito**: aumenta a autoestima e autoconceito.
- Programa de **enriquecemento curricular**.
- Coidar a posición na aula.
- Utilizar o **Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA)**.

*"A escola debe ser un lugar
para todas as nenas e nenos,
non baseada na idea de que
todos son iguais, senón que
todos son diferentes"*

Loris Malaguzzi



Documento elaborado tendo en conta os protocolos de atención á diversidade da Xunta de Galicia. Para máis información, consultar os mesmos.



CENTRO DE
FORMACIÓN E
RECURSOS DE VIGO

Elaborado por:

Fernando Eguino
Leticia Tormo Rueda
Raquel Pérez Salgado

CULTURA INCLUSIVA

A cultura inclusiva é un enfoque que promove a **igualdade de oportunidades** e o **respeto pola diversidade**, onde cada persoa sinta que é valorada e respectada polas súas diferenzas, sen importar a súa orixe, identidade, crenzas ou capacidades.

BARREIRAS

As barreiras dificultan a **acesibilidade e participación** de todo o alumnado no proceso de ensino aprendizaxe.

Por iso é necesario **identificar** todas as barreiras e **propoñer actuacións** para superalas.

Guía para a inclusión



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL

Barreira sensorial

Presentar a información a través de diferentes modalidades sensoriais:

- **Visual:** pictogramas, fotografías, sinais luminosos, subtítulos, lector dixital...
- **Auditivo:** timbre sonoro, Intérprete de LSE,...
- **Táctil:** uso de material en Braille, diferentes texturas,...

Barreira estrutural

- Uso dun horario visual.
- Sinalización de espazos, do centro e da aula (pictogramas ou debuxos).
- Uso de estruturas e rutinas.
- Anticipación dos posibles cambios.

Barreira socioemocional

- Programa de acollida, asignación de mentor.
- **Historias sociais.**
- **Patios inclusivos** (regras explicativas dos xogos empregando pictogramas, xogos inclusivos).
- Traballo diario das emocións.
- **Prácticas restaurativas** (círculos de diálogo, asamblea,...).
- Actividades de sensibilización con todo o alumnado para que todas/os acepten a diversidade de cada persoa.

Barreira física

- Deseño de actividades con diferentes **alternativas** para executalas: presentación e de actividades e vías de execución e expresión diversas: gravación de audios, vídeos, elección de ilustracións, escritura ao ditado, actividades manipulativas etc.
- **Materiais específicos:** agarrador ergonómico, materiais con maior grosor, tesoiras adaptadas, software de recoñecemento de voz, bolígrafo vibrante...

Barreira comunicativa

- Proporcionar **diversas canles comunicativas** como a visual, táctil, pictográfica, signada... facilitando ao alumnado que poida expresarse e compartir as súas aprendizaxes empregando estes soportes.
- Empregar **sistemas aumentativos da comunicación e a linguaxe natural asistida**. Exemplos de comunicadores dinámicos son: Grid3, Boardmaker, E-mintza, Proloquio2go...
- Uso da **LSE** (materiais adaptados, intérprete...).
- **Axudas técnicas** para favorecer a comunicación auditiva: emisora FM, bucle magnético...

Barreira curricular

- Programación axustada á diversidade.
- DUA.
- Actividades multinivel
- **Metodoloxías cooperativas** que faciliten a participación equitativa e o apoio mutuo.
- Traballo por proxectos.
- Avaluación por competencias.
- Maior coordinación do profesorado.
- Docencia compartida.

Barreira formativa (profesorado)

Favorecer que cada mestra/e poida acceder a unha **formación práctica** sobre a intervención con alumnado que se enfrente a algunha das barreiras educativas no seu grupo-clase.

A **cultura inclusiva** é unha forma de pensar e actuar que busca crear contornas onde todas e todos poidan participar plenamente e alcanzar o seu máximo potencial.

